



### **O CAMPIÓN PARALÍMPICO CHANO RODRÍGUEZ INAUGURA A RAMPLA DE ACCESO AO ESCENARIO DO AUDITORIO MUNICIPAL DE NIGRÁN**

**O medallista de natación falou sobre a súa traxectoria profesional e respondeu ás preguntas de 150 alumnos do CEIP Humberto Juanes**

**O alcalde de Nigrán, Juan González, invitouno a firmar no libro de Honor do Concello e fíxolle entrega dun agasallo**

**Nigrán, 17/02/16.-** O campión paralímpico Sebastián “Chano” Rodríguez, con 16 medallas no seu palmarés, inaugurou esta mañá a rampla de acceso ao escenario do auditorio municipal de Nigrán nunha charla ofrecida a alumnos do CEIP Humberto Juanes. A sala carecía deste elemento ata hoxe pese a tratarse dun edificio público de nova construción.

“Para nós é un orgullo que sexa Chano Rodríguez o que empregue por primeira vez esta rampla. Como Concello, temos que dar exemplo e eliminar as barreiras arquitectónicas presentes nos espazos municipais”, declarou Juan González, alcalde do municipio, na presentación da charla.

O medallista de natación, oriúndo de Cádiz pero afincado en Vigo, conversou con 150 rapaces de cuarto, quinto e sexto de Primaria do centro escolar sobre a súa traxectoria profesional. Proxectou varios vídeos dos seus logros, como cando debutou nos Xogos Paralímpicos de Sydney 2000, onde obtivo 5 ouros, ou o reto que realizou en 2006: unha travesía de 14 horas dende a Illa de Ons ata Vigo. Ademais, suliñou a importancia de levar unha boa alimentación e practicar deporte para un crecemento saudable e adoptar hábitos beneficiosos entre os estudantes.

O alumnado estaba emocionado coa súa presenza e antes de comezar o coloquio apiñábanse ao seu redor para solicitarlle autógrafos e “selfies”. Durante o encontro, que durou hora e media, os nenos non deixaron de facerlle preguntas para saciar a súa curiosidade. Cando concluíu o acto, o alcalde de



Nigrán invitouno a firmar no libro de Honor do Concello e fíxolle entrega dun agasallo.

### **“A diversidade”**

Esta actividade forma parte da temática na que está a traballar o CEIP Humberto Juanes este curso escolar, “a diversidade”, que ten como finalidade sensibilizar aos nenos sobre o tema da discapacidade a través de distintas figuras deportivas, e contribuír a superar o estigma social que sofren as persoas que padecen algún tipo de limitación.

“A colocación da rampla vén consolidar o compromiso do Concello coa integración deste colectivo a través da eliminación destes obstáculos que poñen trabas á súa autonomía”, sinala o rexedor.

Dende outubro, os rapaces asisten a distintos coloquios protagonizados por diferentes deportistas paralímpicos, como a paratriatleta Susana Rodríguez ou Bernabé Costas, do club deportivo da Asociación de Minusválidos Físicos de Vigo (AMFIV). Ademais das charlas, os rapaces tamén realizan entrevistas aos convidados na emisora do colexio, “Radio Vilameán”.